XUNTA DE GALICIA

Xacobeo 21·22

COMUNICACIÓNS CURTAS EDUCOVID

Actualización 19/01/2022

1.A. Para alumnado e familias non identificado/a como contacto estreito:

Estimada familia: Comunicámoslles que se confirmou un caso/agrupación de casos da COVID-19 no centro educativo ao que acode o seu fillo ou a súa filla. Tras realizar o estudo de contactos no centro, **NON foi identificado/a como contacto estreito,** polo que pode seguir acudindo ao centro, extremando as medidas de precaución e vixiando a aparición de síntomas compatibles coa COVID-19. Pode consultar máis información no MODELO DE CARTA DE COMUNICACIÓN ÁS FAMILIAS (PDF) .

1.B. Para persoal non identificado/a como contacto estreito:

Estimado/a compañeiro/a: Comunícaselle que se confirmou un caso/agrupación de casos da COVID-19 no noso centro educativo. Tras realizar o estudo de contactos no centro, **NON foi identificado/a como contacto estreito,** polo que pode seguir acudindo ao centro, extremando as medidas de precaución e vixiando a aparición de síntomas compatibles coa COVID-19. Pode consultar máis información no MODELO DE CARTA DE COMUNICACIÓN ÁS FAMILIAS (PDF) .

2.A. Para alumnado e familias identificado/a como contacto estreito:

Estimada familia: Comunicámoslles que se confirmou un caso/agrupación de casos da Covid-19 no centro educativo ao que acode o seu fillo ou a súa filla. Tras realizar o estudo de contactos no centro, o/a seu fillo/a foi identificado/a como posible contacto estreito polo que deberá permanecer no seu domicilio non acudindo ao centro educativo (contacto con corentena). **No caso de estar completamente vacinado/a ou ter sido diagnosticado/a da COVID-19 hai menos de 6 meses, poderá acudir ao centro educativo extremando as medidas de prevención** (contacto en vixilancia sen corentena). Desde a Central de Seguimento de Contactos (CSC) facilitaranlles máis información e confirmaranlles esta circunstancia. Pode consultar máis información no MODELO DE CARTA DE COMUNICACIÓN ÁS FAMILIAS

(PDF) e na seguinte ligazón: https://www.sergas.gal/Saude-publica/Informacion-contactos.

2.B. Para persoal identificado como contacto estreito:

Estimado/a compañeiro/a: Comunícaselle que se confirmou un caso/agrupación de casos da COVID-19 no noso centro educativo. Tras realizar o estudo de contactos no centro, foi identificado/a como posible contacto estreito polo que deberá permanecer no seu domicilio non acudindo ao centro educativo(contacto con corentena) . **No caso de estar completamente vacinado/a ou ter sido diagnosticado/a da COVID-19 hai menos de 6 meses, poderá acudir ao centro educativo extremando as medidas de prevención** (contacto en vixilancia sen corentena). Desde a Central de Seguimento de Contactos (CSC) facilitaranlle máis información e confirmaranlle esta circunstancia. Pode consultar máis información no MODELO DE CARTA DE COMUNICACIÓN ÁS FAMILIAS (PDF) e na seguinte ligazón: https://www.sergas.gal/Saude-publica/Informacion-contactos.

3.A. Para alumnado e familias identificado/a provisionalmente como contacto estreito:

Estimada familia: Comunicámoslles que se identificou un posible caso/agrupación de casos da COVID-19 no centro educativo ao que acode o seu fillo ou a súa filla. Tras realizar a valoración inicial coa Central de Seguimento de Contactos (CSC), o/a seu/súa fillo/a foi identificado/a como posible contacto estreito. De forma preventiva, deberá permanecer no seu domicilio non acudindo ao centro educativo. **No caso de estar completamente vacinado/a ou ter sido diagnosticado/a da COVID-19 hai menos de 6 meses, poderá acudir ao centro educativo extremando as medidas de prevención**. Quedamos á espera de facilitarlles máis información en canto se confirme/descarte o caso/agrupación de casos.

3.B. Para persoal identificado provisionalmente como contacto estreito:

Estimado/a compañeiro/a: Comunícaselle que se identificou un posible un caso/agrupación de casos da COVID-19 no noso centro educativo. Tras realizar a

valoración coa Central de Seguimento de Contactos (CSC), foi identificado/a como posible contacto estreito. De forma preventiva, deberá permanecer no seu domicilio non acudindo ao centro educativo. **No caso de estar completamente vacinado/a ou ter sido diagnosticado/a da COVID-19 hai menos de 6 meses, poderá acudir ao centro educativo extremando as medidas de prevención.** Quedamos á espera de facilitarlle máis información en canto se confirme/descarte o caso/agrupación de casos.

4.A. Para alumnado e familias identificado/a provisionalmente como parte da rede de contactos no contexto dun caso esporádico:

Estimada familia: Comunicámoslles que se identificou un caso da COVID-19 no centro educativo ao que acode o/a seu/sua fillo/a. **Ao tratarse dun caso esporádico e non dunha agrupación de casos, poderá acudir ao centro educativo se ben, durante os próximos 10 días deberá vixiar a aparición de síntomas compatibles coa COVID-19 e extremas as medidas de prevención.** Pode consultar esta información na folla de INFORMACIÓN PARA AS PERSOAS QUE FORMAN PARTE DA REDE DE CONTACTOS DUN CASO ESPORÁDICO DA COVID-19 NUN CENTRO EDUCATIVO e na web do coronavirus (https://coronavirus.sergas.gal/Contidos/Informacion-Covid-centros-educativos).

4.B. Para persoal identificado provisionalmente como parte da rede de contactos no contexto dun caso esporádico :

Estimado/a compañeiro/a: Comunícaselle que se identificou un caso da COVID-19 no noso centro educativo. **Ao tratarse dun caso esporádico e non dunha agrupación de casos, poderá acudir ao centro educativo se ben, durante os próximos 10 días deberá vixiar a aparición de síntomas compatibles coa COVID-19 e extremas as medidas de prevención**. Pode consultar esta información na folla de INFORMACIÓN PARA AS PERSOAS QUE FORMAN PARTE DA REDE DE CONTACTOS DUN CASO ESPORÁDICO DA COVID-19 NUN CENTRO EDUCATIVO e na web do coronavirus (https://coronavirus.sergas.gal/Contidos/Informacion-Covid-centros-educativos).